



A sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña, de data do 15.06.2016, ditada no procedemento ordinario nº 33/2015, seguido a instancia de Francisco Javier Carro González contra a Universidade da Coruña, en materia académica, estima parcialmente a demanda e declara a nulidade da Resolución Reitoral do 26.11.2014 e do acto de cualificación posterior á defensa e mantemento da tese do Sr. Carro e ordena que se convoque novamente ao tribunal cualificador que coñecera da defensa da tese do actor. A dita sentenza é firme.

Por isto, en cumprimento e execución da antedita Sentenza, no uso da competencia atribuída polo disposto nos artigos 13.b e 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (BOE nº 307, do 24 de decembro), nos artigos 22.b, 34 e 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG nº 100, do 26 de maio) e no artigo 104 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa (BOE nº 167, do 14 de xullo), esta Reitoría

DISPÓN

1.- Ordenar ao presidente do tribunal que convoque a todos os seus membros para que procedan a cualificar de novo a tese do Sr. Carro de acordo coa normativa vixente. O tribunal disporá dun prazo máximo de 2 meses para ter concluído o procedemento e a cualificación outorgada.

A Escola Internacional de Doutoramento (EIDUDC) enviará á secretaria do tribunal a documentación relativa as actas de cualificación, xunto co procedemento para a concesión da mención "*cum laude*" coa indicación de que deberá comunicar á EIDUDC a data, lugar e hora na que vai a ter lugar a reunión.

2.- Publicar a presente resolución no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (artigo 13 e seguintes do regulamento de creación e ordenación da sede electrónica da UDC aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27.06.2012, modificado 28.11.2014 –DOG 241, do 17 de decembro de 2014-)

3.- Notificar esta resolución reitoral ao Sr. Carro González

Contra a presente Resolución, que se dita en execución de sentenza, non cabe recurso ningún, agás as actuacións que os interesados podan promover perante o Xulgado nº 2 do Contencioso Administrativo da Coruña.

A Coruña, 4 de abril de 2017

O Reitor

PD: A vicerreitora de oferta académica e innovación docente (RR 12.01.2016)

Nancy Vázquez Veiga